

Dúplexas ideas  
Forxa, forzado grillos;  
Pode oprimir a ferro,  
Un corpo enfraxelado;  
Mais na moita ideas,  
E gloriosos instintos...  
Mas... non pode, non o  
(duro ferro,  
Nun a morte, extinguióse)  
Edoardo PONDAL

# A Nosa Terra

PERIODICO GALEGO

Barbaros:  
Las ideas no se matan!  
DOMINGO F.  
SARMIENTO

no XXVIII

BOS AIRES, DECEMBER DE 1944

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

Núm. 433

## Creación do Consello de Galiza

### ACTA DE FUNDACION

**A**LFONSO Rodríguez Castelao, Elpidio Villaverde Rey, Ramón Suárez Piccallo e Antón Alonso Ríos, son os únicos diputados galegos que viven refuxiados en Sud-América, e, por espontánea decisión de todos eles, acordan xuntarse nun soio corpo de dirección política para gardar, manter e defender a derradeira vontade de Galiza, antramentres dure esta etapa de asoballamento, na que o povo se ve privado de toda eispresión democrática. Os ditos mandatarios afirman que a vontade política de Galiza arrinca legalmente do Estatuto plebiscitado en 1936. Pero no Estatuto hai que distinguir duas cousas: o documento en si, forzosamente limitado as eisixencias da Constitución, e o deseño do goberno próprio e vida libre que o auto plebiscitario supón. De ambas cousas — letra i espírito do Estatuto — son gardadores os diputados galegos, como fideicomisarios da vontade legalizada do seu povo. Agora ben; a latencia autonomista de Galiza manifestouse sempre a favor dos sistemas federal, tanto nos acordos populares do ano 1873 como nos varios anteproyectos de Estatuto galego, acordados no período preconstituinte da segunda República. Abonda citar da Federación Republicana Galega que di de asi: "Artículo 1º Galicia es un Estado autónomo dentro de la República Federal Española". Este é o pensamento libremente eispresso polo republicanismo galego, que foi mandato para os seus diputados nas Cortes Constituyentes do 31. E dahi trascenden os principios direitivos que se deben proclamar e defender, en nome de Galiza, ante as diversas intencions constituyentes da futura España.

Os devanditos mandatarios defenderán, por conseguinte, o dereito de autodeterminación para o povo que representan; pero consideráronse autorizados a restrinxir este dereito ao que é racionalmente xusto e posible, descartando, de antemán, o separatismo, e abogando por unha unión pacificada de todolos povos diferentes de España, ou millor da Península, dentro dun Estado plurinacional republicano, con garantías de liberdade para os homes e os povos. Tendo en conta que a vontade dos eleitores galegos representa unha ínfima minoría de votos no corpo político de España e que, pol-o tanto, a vontade do povo galego sería indefectiblemente venida pol-o peso numérico dos votos non galegos, resulta natural que os representantes de Galiza busquen o equilibrio democrático de España a base dunha nova estrutura do Estado español, na que os povos sexan os verdadeiros suxeitos do dereito político. Para este fin, a unidade

de dirección política de Galiza no exilio, emprenderá unha campaña, xunto co Governo de Euzkadi e o Consello Nacional de Cataluña, para pesar, por convencimento, na conciencia liberal e democrática dos demás españoles.

En virtude das declaracions anteditas, acordouse constituir unha entidade denominada CONSELLO DE GALIZA, para gardar, manter e defender a vontade do povo galego, así como para buscar as asistencias e auxudas que se precisen. O Consello empezará a funcionar como un Fideicomisariado, baixo a responsabilidade dos catro persoeiros que suscriben este documento, assistidos por un estenso núcleo de emigrados galegos, neste lugar da América que pode considerarse como a metrópoli ideal dunha Galiza libre.)

O Consello conta ao nacer con varias Delegacions en América e con órganos técnicos e auxiliares que aseguran a sua eficacia. E como primeira medida acordou, por unanimidade dos Conselleiros e unánime consenso dos grupos organizados, conferir a Presidencia do Consello de Galiza a Alfonso Rodríguez Castelao, quen fica autorizado dende este instante para levar as negociaciones de alianza cos Presidentes de Euzkadi e Cataluña, a fin de que Galiza entre, con propia personalidade e triple forza, nunha concordia xeral española, capaz de derrubar o réxime franquista e restablecer a liberdade en España.

O Consello de Galiza non nasce pechado e circunscrito aos catro diputados que residen en Sud-América, porque éstos non descoñecen a existencia de outros compañeiros de Diputación, eisilados en diversos puntos do mundo, quénnes poden integrar o Consello de Galiza, si queren manter e defender as aspiracions do seu povo, do que recibieron un mandato persoal. O fin e oxecto do Consello de Galiza, implica un respeto absoluto para calisqueria ideoloxía de tipo democrático; pero tendo en conta que o povo elixe a persoas e non a partidos, é xusto que nos Conselleiros prime a condición de gallegos sobre da disciplina de partidos non galegos a que poídan estar afiliados, porque de non ser así negariase a vontade de goberno próprio, hipotecando as suas decisiones a diretrizes estranhas. Así, pois, os Conselleiros de Galiza serán simples mandatarios de povo que os elixe e non dos partidos.

Fírmase esta acta en Montevideo, no dia quince de novembro de mil novecentos coarenta e catro. — Alfonso R. Castelao, Elpidio Villaverde, Ramón Suárez Piccallo, Antón Alonso Ríos.—Rubricados.